

que faga xa a pagarás. Val máis papel sen firma ca escrito contra lei. Firma no papel tense de seu. Máis val o escrito ca dez testigos. Onde salan cartas, calan barbas. O papel rexe todo. Non así carta que non leas nin bebas auga que non vexas. Os papeis e as mulleres hai que mirárlle-la cara e o cu. Vincular, nin cambiado nin partido nin partido nin cambiado. O que testa na rúa, sirvese pola súa. O que testa na rúa sirvese pola súa. A castaña que está no camiño e o veciño. De marco a marco non hai arco. De marco a marco non hai arco sen muro, rego ou valado. Val máis ter libros de conto de libros. O que merca con diñeiro que non é seu non diga merca senón que vendeu. O que merca sen ter, vende sen querer. Morte e casamento desai arrendo. O que afóra, bota fóra. Val máis deixar a pillo ca pedir a bos. A debeda e o labor quedan pra o pido. A quen non debo non temo. A quen non debo non teño medo. A quen non debo e a probe non prometas. O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar outra vez. Quen paga mal, paga dúas veces. Quen merca sen poder, vende sen querer. Quen come fiado, paga dobrado. O que debía e pagou, tiña dor e sandou. Quen paga o que debe, sabe o que lle queda. Quen sin deber queira ser debedor, mello é a fiador. Quen sen deber queira ser debedor, fágase fiador. Si que bagar, sen deber, non tes máis ca avalar. Quen come fiado ca mazagrocas. Tan boa é a venda coma a hipoteca. Quen hipoteca vendeu. O que dá o que ten antes que morra, merece que lle de

R

EFRÁNS

DA XUSTIZA

morra, merece que lle dean cunha cachiporra. Quen dá o que ten, quen o entende, non o dá que ben o vende. Dez pequenos, lonxe testamento. Haihe herdos que furtos semellan. Bens herdados non son comprados. Chámasme a partir, chámasme a reñir. En morrer o arrieiro, sábese de quen é a recua. Muíños de herdeiros e bens menores son os picres. O que faga de fisco, peita dúas. Quen vaca do come, a cen anos lle paga os osos. En canto hai gorxa, ninguén se libre da furea. Non te achegues á furea, que te afocarán. Mallo perde dereito. Malloacer pon fóra da lei. Mala feizon, de por fóra lei pon. No negocio, na casa e na fazenda busca avogado que te defenda. Firma que fas, xa a pagarás. Val máis papel sen firma ca escrito contra da lei. Firma no papel tense de seu. Máis val o escrito ca dez testigos. Onde salan cartas, calan barbas. O papel rexe todo. Non así carta que non leas nin bebas auga que non vexas. Os papeis e as mulleres hai que mirárlle-la cara e o cu. Vincular, nin cambiado nin partido nin partido nin cambiado. O que testa na rúa, sirvese pola súa. O que testa na rúa sirvese pola súa. A castaña que está no camiño e o veciño. De marco a marco non hai arco. De marco a marco non hai arco sen muro, rego ou valado. Val máis ter libros de conto de libros. O que merca con diñeiro que non é seu non diga merca senón que vendeu. O que merca sen ter, vende sen querer. Morte e casamento desai arrendo. O que afóra, bota fóra. Val máis deixar a pillo ca pedir a bos. A debeda e o labor quedan pra o pido. A quen non debo non temo. A quen non debo non teño medo. A quen non debo e a probe non prometas. O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar outra vez. Quen paga mal, paga dúas veces. Quen merca sen poder, vende sen querer. Quen come fiado, paga dobrado. O que debía e pagou, tiña dor e sandou. Quen paga o que debe, sabe o que lle queda. Quen sin deber queira ser debedor, mello é a fiador. Quen sen deber queira ser debedor, fágase fiador. Si que bagar, sen deber, non tes máis ca avalar. Quen come fiado ca mazagrocas. Tan boa é a venda coma a hipoteca. Quen hipoteca vendeu. O que dá o que ten antes que morra, merece que lle de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

© DAS PUBLICACIÓNS:



**IRMANDADE
XURÍDICA
GALEGA**



Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística

© DOS TEXTOS:

Xesús Ferro Ruibal

EDITA:

Pío García Edicións

MAQUETACIÓN:

Nerea Otazo Echeverría

IMPRIME:

Litonor

DEPÓSITO LEGAL:

Xesús Ferro Ruibal

A feliz e recente incorporación da lingua galega á actividade forense de maxistrados, xuíces, avogados e procuradores (na dos enxuciados nunca deixou plenamente de estar presente) levou un grupo de amigos a pedirme que lle bote un vistazo ó refraneiro galego. A idea deles é ver que é o que di da administración da xustiza e, de camiño, esculcar algún tecnicismo da lingua xurídica popular que poida incorporarse ó uso actual.

Non son eu o tal para este traballo, porque a miña lectura non é de profesional do dereito. Espero que en poucos meses os xuristas han poder ler polos seus ollos o monumental Refraneiro Galego de Llopiz (un manuscrito de 45.000 refráns recolleitos antes de 1950 e ordenados por temas): ese día farán unha escolma moito máis ricaz de refráns xurídicos dispersos en temas que aparentemente nada falan de xuíces e preitos pero que si falan da materia xuiciable e dos criterios de xustiza. Eles restaurarán tecnicismos xurídicos de contrastada enxebreza.

Polo de agora teranse que contentar coa que

fai un profano coma min,
que só detecto algun-
has expresións técnicas
coma Teimar polo foro (re-
clama-los propios dereitos ante
un Tribunal)¹. Testemuña de
viso/de vista/de ollos (tes-
temuña presencial), distinto
de testemuña de orella.
Os rellos da xustiza (¿bra-
zos?), xuíz de moitos rellos
(de moito prestixio profesional)².
Malfeito, mala feizón (de-
licto), malfacer (delinquir).
Adoitos (usos); coller de
adoito (establecerse un cos-
tume). Andar á avinza ou
vir a partido (pactar no acto
de conciliación previo). Partes
conformes, pauto, vinda
a pauto, axuste, compos-
tura ou ben conxeito (con-
ciliación, avinza)³; desconxei-
to (desavinza). Tirar confesa
(conseguir autoinculpación).
Confesa de tamborín ou

confesa obrigada (declaración de culpabilidade baixo tortura ou presión). Avogado de lareira ou de arroleiro (avogaducho, picapreitos). Ir á penecha (estar coa cabeza descuberta).

Vexo tamén arcaísmos coma peitar (pagar), cobredor (encubridor), malfeitor (delincuente), reu (reo), crela/querela (demanda)⁴; alcaide, alcale, alcalde (xuíz), meiriño (xuíz pedáneo), leterado, curial (¿avogado? ¿secretario de Xulgado?, ¿fiscal?), beleigán e vereeiro (funcionarios menores do Xulgado), lídimio (lexítimo), negadiva (insistencia na propia inocencia), xudicieiro (¿avogado?⁵), asmar/esmar (de aestimare, someter a estudio un caso para sentencia, instruír)⁶, pesqueridor (instructor), rolo

(expediente numerado)⁷, fara-
 malla (trapisonda), caloña
 (castigo, punición), penar (im-
 poñer pena), carrasco (ver-
 dugo)⁸. E outras palabras
 coma ser (de sedere, estar
 sentado)⁹, sisudo¹⁰, formal
 (solar dunha casa), fouzar¹¹,
 alverixar e ollecer¹², avai-
 dar¹³, reveza¹⁴, coima de
 figos¹⁵, moega¹⁶, reme¹⁷,
 diz¹⁸, soos, doos¹⁹.

Como é habitual neste
 tipo de traballos sobre
 tradición oral, actualizo a
 ortografía pero manteño
 tódalas outras peculiari-
 dades gramaticais e léxi-
 cas dos refráns. Así o lector
 poderá atopar castela-
 nismos que a práctica xu-
 rídica xa normativizou (li-
 bertade, xués, prisa, Dios,
 nada, según) a cambio
 de bater con numerosos

arcaísmos que convidan a restaura-la enxebreza da nosa lingua.

A ordenación que presento está feita sobre a miña lectura de varias coleccións. En primeiro lugar a valiosísima do comandante Vicente Luís Llópiz Méndez-Esperante (Refraneiro Galego, inédito de Bibliófilos Galegos, no Museo de Pontevedra do que se prepara edición crítica no Consello da Cultura Galega); del son moitas, e as máis valiosas, glosas e definicións léxicas, e agradezo unha vez máis a posibilidade de consulta dun manuscrito que devezo por ver publicado íntegramente e dignamente. Incorporo tamén a colección de

Fermín Bouza Brey (Paremiología jurídica gallega" en Revista de Dialectología y Tradiciones Populares II, 1946, cuaderno 2º, 240-245). Finalmente hai outros reunidos por min, ós que engado os que figuran no Refraneiro Galego Básico (Galaxia, Vigo 1987), ordenación dos que publicara Eladio Rodríguez González no Dicionario Enciclopédico Gallego-Castellano, editado tamén por Galaxia.

REFERENCE

A cada un o seu e Deus con todos.

A mellor paga é o seu para cada seu²⁰.

Pola culpa allea ninguén vai á cadea²¹.

Quen cala consente²².

Tres fan tribunal²³.

Gran xustiza, gran inxuria²⁴.

Do feito naz o dereito²⁵.

Dos malos vezos nacen boas leis.

Máis son os casos cás leis.

Onde hai dereito, hai deberes.

Morre unha liberdade onde nace un dereito.

Lei que non naz de costume,

ten o asento de fume.

Non valen leis sin costumes,

valen costumes sin leis.

O costume fai lei / Costume fai lei.
Adoitos fan lei, felicidade fai adoito.
O que toda a xente colle d'adoito, téñase por lei.
Costume, que boa, que mala,
o labrego quer que valla.
Adoito tras adoito fan leis,
moitos adoitos empecen leis²⁶.
Costumes novas tiran leis vellas.
Adoitos novos tiran leis vellas.
Abuso non tira uso / non tolle uso.

Lei contra natura, pouco dura.
Lei xusta rexe sempre.
Lei postumeira tiralles a forza á primeira.

Quen fai fillos en muller allea perde os fillos e
mailo feito.
O que fai fillos en muller allea perde a feitura.

Foro non reme foro²⁷.

Ningunha vinganza é xusta.

A vinganza gusta, mais non é xusta.

Xustiza catalá, zorrega-la badá.

Xustiza á catalá, boura aquí, boura alá²⁸.

Unha por outra non é pecado.

Pra matar non dan bulda.

Malfeito perde dereito.

Malfacer pon fóra da lei.

Mala feizón, de por fóra da lei pon.

Onde hai maliza, perde a xustiza.

Confesa obrigada non conta nada.

A confesa de tamborín, ausoluzón de gaita.

Falta confesada, medio perdoada.

O arrependimento lava a culpa.

Tardán é o arrependimento dempois

do dano feito.

Non se perdoa o pecado se non se volve
o furtado.

Ancho, como manga da xustiza.

Longo coma o brazo da xustiza²⁹.

Longos sonche os rellos da xustiza³⁰.

A lei é coma os chuveiros,
que nunca caen parellos.

A moral brinca por cima da lei.

Onde a forza entra, lei sal.

Cando forza manda, a lei cala.

Cando a forza asoma, as leises ploran.

Cando hai xustiza, dormen as armas.

Forza, a do dereito; e non o dereito da forza.

Asomantes forzan as armas, a lei chora e cala.

Xustiza que arreguixa a espada, dígoche,

Xan, que ten trampa.

Xustiza quer dereito.

Cubiza e dereito non entran nun sitio.

Cubiza e dereito non collen nun mesmo queipo.

Cando cubiza vén, dereito sal.

A moral é como o pito, cando grimpa no poleiro,

canto máis forte é o pau, millor lle sal o galeio.

A lei é como a navalla, que dana ó que a baralla.

Dedo que talla a lei, non fai dano.

Por facer autos e darlles traslado a ninguén ten
aforcado.

Non pode ninguén ser xuez do seu.

En xustiza, xuez e parte é mala arte.

Xuez do seu, non poida ser.

Cousa mal esmada, haina que xulgar de novo.

SUPREMACÍA DA LEI

En canto hai gorxa, ninguén está libre da forza.

Lei e rei andan nun ronsel.

Antes bon rei ca boa lei.
Cabaleira do rei está a lei.

SOBERANÍA

Ise é rei, que non sabe de rei.
Ise é rei, que non coñece a lei.
Ben rei é quen ó rei non ve.

XUSTIZA IMPARCIAL

Xues xusto coida nos feitos e non no diñeiro.
Nunca te vexas no xuízo xulgado polo teu imigo.

PODER XUDICIAL

Máis pode un home no estrado ca trinta na
taberna.

HONESTIDADE

Non crebánte-la lei, non temerás rei.

Peso e medida manteñen a paz da vida/
na aldea e na vila.

Peso e medida teñen en paz a nosa vida.

Pró home honrado non hai xuez malo.

De xueces non me percuro,
que as miñas obras me farán seguro.

Rou rou, fagámo-lo que o rei mandou.

Onde vires bullas, escápate, se non queres ser
testigo ou parte.

Onde non te chaman, non te metas.

Co dereito do teu bando non receeis
da-lo brado³¹.

O que ten dereito, barregán feito³².

Pecado de bo non pasa de erro.

Nin crer na maliza nin vivir sin xustiza.

Xente de xustiza, xente de maliza.

LEI DE ACCESIÓN

O que leva a ovella, leva o velro ³³.

IGNORANCIA DA LEI

Do pecado de ignorancia o inferno saca ganancia.

AS CUESTIÓN E OS PREITOS

ASESORAMENTO

No negocio, na casa e na fâcenda busca avogado
que te defenda ³⁴.

ELABORACIÓN DOS DOCUMENTOS

Firma que fas, xa a pagarás.
Val máis papel sen firma ca escrito contra da lei.
Firma no papel tense de seu.
Máis val o escrito ca dez testigos.
Onde falan cartas, calan barbas.
O papel rexe todo.
Non asines carta que non leas nin bebas auga
que non vexas.
Ós papeis e ás mulleres hai que mirárlle-la
cara e o cu.

PROPIEDAD

Vincular, nin cambiado nin partido; nin partido nin

cambiado³⁵.

O que testa na rúa, sírvese pola súa.

O que testa na rúa sérvese pola súa.

A castaña que está no camiño é do veciño.

De marco a marco non hai arco.

De marco a marco non hai arco sen muro,

rego ou valado.

Val máis ter libros de conta ca conta de libros.

O que merca con diñeiro que non é seu non diga

que merca senón que vendeu.

O que merca sen ter, vende sen querer.

ARRENDAR

Morte e casamento desfai arrendo.

O que afora, bota fóra.

EMPRESTAR

Val máis deixar a pillo ca pedir a bos.

DÉBEDAS

A débeda e o labor quedan pra o peor.

A quen non debo non temo.

A quen non debo non teño medo.

A rico non debas e a probe non prometas.

O que debe a Xan e paga a Andrés,

ten que pagar outra ves.

Quen paga mal, paga dúas veces.

Quen merca sen poder, vende sen querer.

Quen come fiado, paga dobrado.

O que debía e pagou, tiña dor e sandou.

Quen paga o que debe, sabe o que lle queda.

FIADORES

Quen sin deber queira ser debedor,

métase a fiador.

Quen sen deber queira ser debedor, fágase fiador.

Si queres pagar, sen deber, non tes máis ca avalar.

Quen come fiado caga mazarocas.

HIPOTECA

Tan boa é a venda coma a hipoteca.

Quen hipotecou, vendeu.

DOAZÓN INTER VIVOS

O que dá o que ten antes que morra,
merece que lle dean cunha cachiporra.

Quen dá o que ten a quen o entende,
non o dá que ben o vende.

TESTAMENTOS

Bes pequenos, longo testamento.
Haiche herdos que furtos semellan.

Bens herdados non son comprados.
Chámasme a partir, chámasme a reñir.
En morrendo o arrieiro, sábese de quen é a recua.
Muíños de herdeiros e bens de menores
son os piores.

FRAUDE FISCAL

O que foxe do fisco, peita dúas.
Quen vaca do rei come,
a cen anos lle paga os ósos.

DELITOS

En canto hai gorxa, ninguén está libre da forza.
Non te achegues á forza, que te aforcarán.
Malfeito perde dereito.
Malfacer pon fóra da lei.
Mala feizón, de por fóra da lei pon.
Onde hai maliza, perde a xustiza.

CÓMPLICES

Ó cobredor, pena igual ca ó malfeitor.

Ós cobredores, a mesma pena ca ós feitores.

Ó malfeitor e ó que o acobexa, pena parella.

Non hai ladrón sen cobexador.

Non hai malfeitor sen o seu cobredor.

Si non houbera cobridores,

non habería arroubadores.

Tanta pena ten o que lle deu o fungueirazo, /

mocho/ coma o que meteu o roubo no saco.

Tanta pena ten o que a fai coma o que a consente.

Ó que consente, pena parella ó facinte.

INDICIOS

O que fai as feitas, fai as sospeitas.

Quen fai as feitas, ten que roe-las sospeitas.

Fuxir do xuez, confesa do pecado é.

Segredo, que de dous é, xa segredo non é.
Home matado non descobre ó asasino.
Home morto non fala.
Por fondo que o demo cave, todo se lle sabe.
O demo tira da manta e todo o destapa.
O demo as tapa e o demo as destapa
con tamboril e gaita.
Pra o ladrón da casa non hai pechadura.
O bo ladrón primeiro busca a saída cá entrada.
O lume do ladrón, dúas brasas e un tizón.
Cando o arrieiro vende a bota,
ou sabe ó pez ou está rota.
Como come a besta, díó a bosta.
Polo fio sácase o novelo.
Corvos veñen, preada hai.
Onde hai fume, hai lume.
Vós que arrotades é porque fartos estades.
Cando a tixola roxe, é que hai guisote.

ATENUANTES

Pecado de bo non pasa de erro.

O que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.

AVINZA

A partes conformes, xuez sin querelas.

Pauto creba lei.

Pauto vence foro.

Vinda a pauto, xuez amogado³⁶.

Máis val boa avinza ca mal preito.

Máis val boa avenza ca mala sentencia.

Máis vale un mal axuste ca un bo preito.

Vale máis a peor compostura cá mellor demanda.

Sisudo é quen redime o seu dano co que coidaba

dar ó escribano.

Val máis vir a partido do que o preito

polo mal camiño.

Si non queres preito co veciño,

ceiva dalgún dereitiño.

Si queres vivir nun arregro, bota dalgún dereito.

Val máis ruín compostura ca bo preito.

Val máis algo perdido ca todo comido.

Val máis custión perdida ca preito gañado.

Non hai preito que non se arregre nin corno
que non se endereite³⁷.

Nunca hai mal preito que, buscando retranca,
non lle dea xeito³⁸.

Se ve-lo preito partido, procura vir a partido.

Quen de preito se librou, boa sorte alcanzou.

Entre avinza e avinza anda toa a desavinza.

D'intre conxeito e conxeito,
naz moito desconxeito³⁹.

Mal arregro bota os bois a Valbaleiro.

XUÍZ DE PAZ

O que vai pñer paz a peor parte soe levar.

O que se mete a redentor sae amarteirado
(var.: crucificado).

Meiriño do agro, coxo ou eivado⁴⁰.

TESTEMUÑAS

Home morto non fala.

Home sen cabeza non vale para testemuña.

A testemuña máis danosa é a confesa propia.

As cousas vistas por vista de ollos,
son millor vistas.

Máis fe dan os ollos cás orellas.

Testemuña de vista val por sete de ouvidas.
Máis fío dun testigo de viso do que cen de ouvido.

Máis vale un testigo de vista
que un cento de oídos.

Testigos de ollo atópanse poucos;
testigos de orella, todos á merca.

Testemuña unha, testemuña ningunha.

Testigo un, non é ningún⁴¹.

Unha testemuña non é ningunha.

Pouca testemuña é unha sola.
Dúas testemuñas matan un home.
Dous testigos falsos matan un home.
Unha testemuña nada pode e dúas matan
un home.

Testemuño falseiro é obra do demo.
Testemuña falsa, o trasno as cata.
As malas testemuñas en Galicia sempre
andan erguidas.
Da xente apaixonada sal a testemuña mala.
Falso testemuña sobre corpo feitor.

O peor testigo, o que foi teu amigo.
Apurar moito ó testigo, máis é cousa
de inimigo ca de amigo.
As malas testemuñas en Galicia sempre
andan erguidas.
Entre dous amigos abundan dez testigos.

DEFENSA

A defensa é sempre permitida /lídima.

Non fai pouco quen se defende doutro.

A mal feito, bon dereito⁴².

A mal preito, bo leterado.

NEGA-LA ACUSACIÓN

Nega, reu, e non te aforcarán.

Nega, reu, que o xuez dubida.

Nega non tira confesa.

Negadiva e negadiva, creba os cornos da xustiza.

A falta de defensa, nega e mais nega.

Cousa que se nega, non a pode probar ninguén.

Ben alega o que ben nega.

Palabra por dicir non ten chata.

Palabra dita e pedra solta non teñen volta.

Polo que gardo no meu peito non teño preito.

Quen mellor cos empregados se confesa maior

penitencia leva.

DECLARA-LA VERDADE

Ó médico, avogado e abade hailles

que dici-la verdade.

Ó letrado e confesor, a verdade da millor.

A verdade a *Dios, á xustiza, non.

Ó que diz a verdá, afórcano.

PROBA

Máis val o escrito ca dez testigos.

O feito do morto non o pode face-lo vivo.

Preito de pobre, na proba morre.

Pobre con demanda, das probas non pasa.

Cousa que se nega, non a pode probar ninguén.

A confesa de parte, releva de proba.

Ó que nega nunca se lle proba.

EXERCICIO DA XUSTIZA

CONTROL DO TRABALLO

Xuez que todo pasa pola súa man,
fólgalle o escribán.

Máis val palmo de xuez do que vara de avogado.

O que queira que lle obedezan moito,
mande pouco.

AUTORITARISMO

Odiosa autoridade moito tempo non pode aturar⁴³.

A autoridade avaida⁴⁴.

Aquí mando eu e todo o mundo deborcado

Se queres saber quen é Periquiño, faino meiriño.

Si queres saber quen é Fuquiño,

ponlle a vara de meiriño⁴⁵.

Dálle autoridade a Andrés e xa verás quen é.

AMOR Á VERDADE

O que lle ten medo á verdá,
pra facer xustiza non val.
O que á verdade medo lle ten, mal xudicieiro é.

CALMA

Alcalle tolo, sentencia logo.
Xuez con présas, xuez que erra.
Do xuez tolo, brava sentencia.
Xuez irado, dereito estroupelexado.
Xuez apaixonado, sentencia inxusta.
Xuez arroutado, nunca é xusto.
Castigarte iba, si non fora cheo de ira.
Forza, a do dereito; e non o dereito da forza.
Xues inxusto, pendurado dun sabugo⁴⁶.
O xuez inxusto,
aforcado como Xuncras nun sabugo.
Non é sisudo (xusto) o xués que ten xeito do que
diz e non atinou o que fiz.

SENTENZAR NON É DOADO

Entre a xustiza e a concenza ten sempre que haber
pendenza.

A razón é unha cousa, a xustiza outra.

Casos hai prós que a lei non val.

Onde vai a penza, vai a sentencia⁴⁷.

Todo se asma según se xulga⁴⁸.

Pra verdades, o tempo. Pra xustiza, *Dios no ceo.

Xues verdadeiro, Deus no ceo.

O xuez na terra e Deus no ceo.

Xusto xusto, sólo *Dios.

Xustiza cumprida, na outra vida.

Cada preito leva unha alma ó inferno⁴⁹.

INDUBIO PRO REO

Sálvese a mala xente e non se pene un inocente.

Xuez que duda na condena, abaixa a pena.

¡Refolga, reu, que dúbeda o xués!

OÍ-LAS DÚAS PARTES

Si queres ser bon xuíz ouve o que cada un diz.

Pra xulgar crela (querela), as dúas orellas.

O xuez non xulga astra que non escoite

ós dous cabos.

Xuez louvado non dita sentencia sin ouvir

ós dous bandos.

O que solo olla pra o seu nunca fará bo xuez.

Xusto xuez escoita ó bo e ó malo tamén.

O bon xuez oi ó malo e ó bo tamén.

Para xulgar o preito tense que escoitar

ás dúas partes.

ACAREO

Rifán os ladróns e descóbrense os roubos.

SENTENZAS XUSTAS

A razón é a forza da sentencia.

A razón é o miolo da sentenza.
Tire o xuez ó camiño da razón, anque a us contente
e a outros non.
A pouca delinquenza, pouca pena.
A' xustiza tamén a aforcan.
Xuez dereito, como frechal do teito⁵⁰.
O bon xuez, sempre endereitado como frechal
do tellado.
O xuez, reuto, como pértego.
Xuez pesqueridor, besbello do labrador⁵¹.
Catro cousas danan a xustiza santa: agarimo,
xenreira, medo e ñoranza.

A SENTENZA NON PODE SER CRUEL

A xustiza é criminal, cando é cruel.
Alcalde cruel non contenta a ningún
e rexouban del.
Haxa xustiza, inda que a faga o demo.
Deus me libre da xustiza irada.

Gárdeme Deus do asaño da xustiza.
Xenreira e prisa non son boas prá xustiza.
Válgate Deus da xustiza asañada.

HONESTIDADE PERSOAL DO XUÍZ

Xuez empufado, logo aldraxado⁵².
Xuez alorado, xuez desgabado⁵³.
Xuez con cubiza, monifate da xustiza⁵⁴.
Xuez con cubiza máis val ca bispado.
Quen por intrés enviza, nunca fará xustiza.
Ti que ses na sela, qual fizeses, tal espera.

XUÍZ BENÉVOLO

Xuez que foi delinciente perdoa máis facilmente.
Xuez sin conciencia non pode facer xustiza.
A moita bondá creba a Autoridá.

SENTENZA INXUSTA

Moitas veces panda o xusto polo pecador.

O acusado ausente ten a culpa sempre.

O ausente acusado sempre en culpa é atopado.

Cada preito leva almas ó inferno.

Xustiza i escribán collen polo teso

e non polo chan.

Non se engana quen non conta.

XURADO POPULAR

Alcalde de aldea, quen o queira que o sexa.

Se queres vivir en paz, canto ves non xulgarás.

Alcalde de outeiro, como lume por palleiro⁵⁵.

Alcalde do meu outeiro, séxao o demo.

Nin do Papa benfizo nin do rei ofizo.

APELACIÓN

Cousa mal esmada, haina que xulgar de novo⁵⁶.

Pra lograla hai que porfiala.
Moitas veces pérdese por preguiza o
que se gaña por xustiza.
Quen apela, arrepela.
O que apela sen pelo queda.
Ningún sisudo demanda dúas veces.
O que afica nun preito, non anda ben do cerebro.
Si o xuez che pide a monteira,
dálla e vas á penecha⁵⁷.
Despois do recurso adoita vi-lo discurso.
Ás veces vén o recurso despois
do último discurso.

SENTENZA FIRME

O que xa foi xugado, débese ter por sagrado.
Cousa xugada, cousa sagrada.
Non se perdoa o pecado se non se volve
o furtado.

IRREGULARIDADES DA XUSTIZA

XUSTIZA LENTA

Causa que pasa a rolo, na Audencia

póenlle o croio⁵⁸.

Os croios paran os asuntos.

PREVARICACIÓN

A lei é como a navalla, que dana ó que a baralla.

A XUSTIZA DEBÍA SER DEMOCRÁTICA

Á forza van os desgraciados que inda non vin un
rico pendurado.

O fillo do alcalde vai rindo ó xuízo.

Para a necesidade non hai lei.

Coita non ten lei.
Onde forza non hai, dereito se perde.
Tras do pobre sempre anda o demo coa fouce.
Preito de pobre, na proba morre.
Pobre con demanda, das probas non pasa.

XUSTIZA CARA E RUINOSA

Cando a xustiza entra pola porta nunca
trae diñeiro.
A xustiza non vén dar, senón a fouzar⁵⁹.
Teimar polo foro non se fai sin ouro⁶⁰.
Mante-lo foro e alverixar sin diñeiro non se fai⁶¹.
Terma-lo foro e ollecer sen diñeiro
non pode ser⁶².
Val máis custión perdida que preito ganado⁶³.
Ou suchar diñeiro ou retirarse do preito.
Ou asollar o diñeiro ou perde-lo preito.
Vezado de preitos, sen diñeiro sempre.
Preitos e baraxas desfan as casas.

O incendio non come o solar,
a xusticia canto nel hai.
O fogo respeta o formal, a xustiza non⁶⁴.
Mellor quero ve-la miña vaca morta,
que a xustiza á porta.
Preitos e cartas agoiran (acoitan) as casas.
Naipes e preitos non mercan leiros.
Avogado de arroleiro, hai que tremelo⁶⁵.
Agoiro de xudicieiro, engana e sacadiñeiros⁶⁶.
Cando toma corpo o diaño, vístese de avogado.
A curia e a samezuga en calqueira sangue zuga.
Quen son os catro ladróns? O taberneiro,
o maqueiro,
o avogado e o tabelión.
Xusgados e Audiencias, bocas fementas.
Xente do xusgado, lobos esfameados.
Mal lle vai á ovella que co lobo se aconsella.
Corvos i escribáns das pelexas comen.
Díxolle o escribán ós corvos: Eí volo deixo,
dispo de palla e polvo. Cala presumido, que ben

lle zugáche-lo nidio⁶⁷ .

*Dios desaveña a quen nos manteña⁶⁸ .

Do ceo veña quen nos manteña⁶⁹ .

Deus faga renxer ós que nos ten que manter.

Doce ladrós e doce meiriños, dúas ducias de
homes malditos.

Aficado a preitos, sempre sin diñeiro.

Preito sin diñeiro queda no atoleiro.

En pouca auga pouco se navega.

Andan os ladróns atrás dos que rouban.

O que cartos teña, á xustiza reveza⁷⁰ .

Pra preitos e vizos o diñeiro ten que andar listo.

Vezo de preitos, peto baleiro.

Amigo de demandas nunca ten branca.

Os empregados crían enxundia.

Cabezáns e ateimados fan ricos os avogados.

Preito de pobre, na proba morre.

Pobre con demanda, das probas non pasa.

Preito sin diñeiro acaba no borralleiro.

Preito ganado, preitixante en coiros.

Quen gana o preito, perde o pelexo.

¡Preitos teñas e preitos ganes!

¡Preitos teñas e que non os perdas!

Ó que mal queiras en preitos o vexas.

En preito vexas a quen mal queiras.

¡Demandista te vexas, inda que venzas!

¡En preitos te vexas i en todos venzas!

Aguaciles i escribanos,

por moito que atafullen,

non sei que se verán fartos.

Agoaciles i escribáns nunca fartos están.

Pouta de escribán roi mais cá do lobo arnao⁷¹.

Meiriño bargallón, en cada feira cen ladrós.

Ó agoacil de sala, boa adiala.

Domanda vencida, deixa en camisa;

e, se é de perda,

en coiros deixa.

Mais quero avogado caro que me coma a facenda,

do que de enxoiro e barato que mal me defenda.

Mal letrado custa caro.

XUSTIZA INACABABLE

Un preito trai cento.

Un preito acorda outro (e dous, un cento).

Un preito tira outro.

O peor dun preito é que dun saen cento.

As cereixas e os preitos, tírase dun e sal un cento.

Tras dun preito vén cento.

Preitos e doos nunca veñen soos.

Se che vén o preito, pide a *Dios non
traia herdeiros.

Vida de preitos, folga do demo.

SUBORNO

O que as leva piando, volve cantando⁷².

O que ca curia ha de tratar, non seña curto no dar.

Domanda que non se unta non chega á Cruña.

¡Este preito non chega á Coruña!

Preito sin manteiga non pasa a Audiencia.

Rodas e avogados queren ser untados.

Eixos e avogados, para andar, ben untados.
En pouca auga pouco se navega.
O bo preiteante -dixo Tomé- boca pechada,
bursa aberta e listo de pe.
Díxolle o diñeiro á xustiza: Dáte por vencida.
Na burchaca aberta a xustiza mete a sentenza.
Sempre afrouxa o xuez que busca diñeiro.
Cando o diñeiro fala, todos calan.
O diñeiro racha as pedras.
Antramentres chingla o doblón, haiche apeazón.
Doas creban xustiza.
Doa sentenza condoa.
Ca doa ó mais malo se lle condoa.
Xuez que aceta regalo, dun preito celobre
pon o día craro.
A xuez mercado nadia o revira.
Dreito aturado, torto tornado.
Prenda de galego diñeiro val.

PERIGO DA CORRUPCIÓN DOS XURISTAS

Maxistrado en pravidade, perigo prá sociedade.

Si o xuez é tolo, o avogado frouxo e o curial

 bacaceiro,

 xa témos armado o merlo⁷³.

Xuez sin conciencia non pode facer xustiza.

 A autoridade avaida⁷⁴.

Quen por intrés enviza, nunca fará xustiza.

O que coida con maliza non pode facer xustiza⁷⁵.

Xuez da aldea, un ano de mando e outro na cadea.

NON HAI XUSTIZA

Sou o alcalde do rei,

fago o que quero e compro a lei.

Anda a lei ó son do rei.

Lei e rei andan nun ronsel.

A lei do emperador é a do vencedor.

A lei do que gana é a que campa.

O fillo do alcalde vai rindo ó xuízo.

Ó fillo do alcalde non hai cousa que lle falte.

Con abades nunca preitos teñades⁷⁶.

Cando é pobre o reu, fanlle xustiza de hebreu.

Na casa do pobre todos rifan e todos teñen razón.

Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos
teñen razón.

Preito de pobre, na proba morre.

Prós desfortunados fíxose a forza.

Á forza van os desgraciados que inda non vin un
rico pendurado.

Ó que mata, o rei o perdoa; ó que pola fame
rouba unha verza, córtanlle a gorxa.

A razón é unha cousa, a xustiza outra.

O acusado ausente ten a culpa sempre.

O ausente acusado sempre en culpa é atopado.

Das mans do escribán veu todo o meu mal.

A xustiza en Galicia fana a envexa e a cubiza.

Xustiza xa non a hai no chan galego,
que a que había, subeu ó ceo.

Xustiza, a que vén de *Dios, que a dos homes,
non⁷⁷.

Xustiza, Deus a deia,
que pouca se fai na terra galega.
Xulgo contrafeito, fai do torto direito.

PICARDÍAS DOS XURISTAS⁷⁸

Notarios e escribáns
Ó millor escribán se lle esgalla a pluma/
caille un borrarcho.
Borrón / borrarcho de escribán nunca é van.
Cando o escribán quer, caille un borrón no papel.
Tanto no papel como na boca,
fras de escribán trai retrousa.
Máis pode un escribano que sete avogados.
Das mans do escribán veu todo o meu mal.
O papel rexe todo.
Non fíes de sol de vran nin de honrado escribán.
Non lle val manganilla ó escribán,

cando o xuez leva todo na súa man.
Pouta de escribán roi máis cá do lobo arnao⁷⁹.
Xueces tolos i escribáns pillabáns hóubooos
sempre a van⁸⁰.
Díxolle o escribán ós corvos: Eí volo deixo, dispo
de palla e polvo. Cala presumido,
que ben lle zugáche-lo nidio⁸¹.

OUTRAS

A xustiza ten sete mangas; i en cada unha,
unha maña.

Cando a lei se ía facendo, a faramalla ía nacendo⁸².
Onde hai lei, hai trampas⁸³.
Feita a lei, argallada a trupia.
Feita a lei, feita a maliza.

CUMPRIMENTO DAS PENAS

REINSERCIÓN

Silveiras e ladrós, inda que se prendan,
non son bos.

Ningún é tan mau, que non o faga bo o pau.

Ningún é tan demo,
que non o emende o fungueiro.

O azoute é boa meiciña.

O arrependimento lava a culpa.

O arrependimento lava a culpa.

Tardán é o arrependimento dempois
do dano feito.

Falta confesada, medio perdoada.

Perdós, fan ós ladrós.

Non se perdoa o pecado se non se volve
o furtado.

Non come os homes a cadea, mais acaba coeles.

CADEA

Ningún mal queda sen caloña⁸⁴.

A xustiza castiga a maliza.

¡Quen as urde, que as teza!

¡Quen as fixo, que as pague!

¡Quen armou o trelo, que o desarme!

Quen mal anda, mal acaba.

Ninguén fai mal que non o veña a pagar.

Quen rompe, paga.

Quen co demo cava a viña, co demo a vendima.

Quen sementa ventos, recolle tempestades.

Xuez novo enche a cadea.

A cadea pide o seu.

Á cadea nin por coima de figos / nin por lume.

Na cadea dan de comer.

Non come os homes a cadea, mais acaba coeles.

Pola culpa allea ninguén vai á cadea⁸⁵.

Xuez da aldea, un ano de mando e outro na cadea.

Pra entender de presos, carcereiros vellos.

PENA DE MORTE

A falta de carrasco un buxeu;e, se non o houber,

un muiñeiro, e, se non, un zapateiro⁸⁶.

De alcalde a verdugo, xa ves case subo.

Cata Xan como subo de pregón a verdugo.

A liberdade non ten prezo.

Á forza aforcan.

A forza non pede o seu.

Mal camiño leva o xuez que vai prá forza.

Primeiro no tempo, primeiro na forza.

O que foxe do fisco, peita dúas.

Mal escapa o que á forza debe.

En canto hai pescozo ninguén está libre da forza.

VIDA PRIVADA DOS XURISTAS

O que anda á noite co alcalde ou meiriño ou é

beleigán ou amigo do viño⁸⁷.

A maldá fana os malos e dila comen

os escribanos.

Letrado tanto gana de pe coma sentado.

Ó fillo do alcalde non hai cousa que lle falte.

O alcalde non dá paso en balde.

*Dios desaveña a quen nos manteña⁸⁸.

Corvos i escribáns das pelexas comen.

Díxolle o escribán ós corvos: Eí volo deixo,

dispo de palla e polvo. Cala presumido,

que ben lle zugáche-lo nidio⁸⁹.

Inda non é alcalde e xa quere comer de balde.

A IDADE DOS XURISTAS

Avogado novo, xustiza polas silveiras/corredoiras.

Avogado novo, xusticia polas silveiras.
Novo avogadiño, preito perdidiño.
Alcalde novo, todo é xustiza.
Alcalde novo, falcoa chea / cagarrón cheo.
Alcalde de estrea, todo son leises.
Os alcaldes novos son como as botas,
apertan o primeiro día mais logo afrouxan.
Xuez novo enche a cadea.
Xuez novo todo é pescuda.

CARREIRA XUDICIAL

Todos me queren porque son da Audencia
;leve o demo tal comenencia!

Alcalde novo, bota o vello.
De alcalde a verdugo, xa ves case subo.
Avogado de lareira, non chega á Audencia⁹⁰.
A falta de homes bos, meu maridiño alcale.
Muller avogada, home en querelas.

Na cadea dan de comer.
Dous nun preito fan ri-lo demo.
Entre dous amigos abundan dez testigos.
Tan bonita é a culpa que nadia a quer.
Tres cousas che cumpren Vila,
se o preito queres gañar:
ter razón, saber decila e mais que cha queiran dar.
Para xustiza gañar, hai que tela,
saber pedila e que cha queiran dar.
Na casa do avogado andan á avinza
o can co gato⁹¹.
No lar do avogado falan de leis o can co gato.
Troulan os trasnos que morreu un escribano.
A lei do funil, para ti o bico e a boca pra min.
A lei do embudo, pra min a boca e pra ti o agudo.
Foiche ben agudo o que asacou a lei do embudo.

A maldá fana os malos e dila comen
os escribanos.
O fillo do alcalde vai rindo ó xuízo.
O avogado de Carracedo, que perdía os preitos
grandes e ganaba os pequenos.
Non te achegues á forza, que te aforcarán.
Nos preitos non se reparten rosquillas.
Nos preitos non dan caramelos.
No xusgado antes che preguntan si tes vacas
que como te chamas.
Xustiza de Guimaráns,
deixan ós homes e prenden os cans.
Con home estudiado non disputedes.
E con probe non preiteedes.
Consellos a avogados, peitear carecas e catar
pulgas a cas, son traballos vás.

GALICIA E A XUSTIZA

Galego que non ten preitos,
nunca será bon galego.

Xustiza xa non a hai no chan galego,
que a que había,
subeu ó ceo⁹².

A xustiza en Galicia fana a envexa e a cubiza.

As malas testemuñas en Galicia sempre
andan erguidas.

Haiche máis avogados en Galicia,
que zapateiras nunha corte⁹³.

Discurre máis un famento ca cen avogados.

Máis argalla un paisán galego en custións de preitos
que cen leterados de máis relo⁹⁴.

Máis sabe un paisán labrego en cousas de xusticia
que tódolos avogados que hai en Galicia.

Nin tódolos avogados do mundo revolven o que
un peisano solo⁹⁵.

Val máis un paisán galego ca tódolos avogados do
mundo enteiro (ca tódolos letrados da terra).
Máis sabe un paisán labrego en cousas de xusticia
ca tódolos avogados que hai en Galicia.
Máis argalla un paisán galego do que
sete avogados.
Retrouso de labrego val máis có saber
dun avogado vello.
Teima do galego pode coa lei.
A xueces galicianos cos pés nas manos/
atados de pies y manos⁹⁶.
O arcediago de Arnoces trouxo a Galicia os
alcaldes e acabou cos malfeitores⁹⁷.
O avogado de Carracedo, que perdía os preitos
grandes e ganaba os pequenos.

CAUTELA E PICARDÍA

ANTE OS XURISTAS

Ós papeis e ás mulleres hai que mirárlle-la
cara e o cu.

Xente de xustiza, xente de maliza.

Anque che digan preito ganado,
non o creas de contado.

O que vai ó avogado poucas veces
volve desconsolado.

Ninguén vai ó avogado que non veña consolado.

Os consellos danse segundo se piden.

A consulta do avogado hai que lela con coidado.

Aconséllate con quen saiba;
e, se queres aceptar, acepta.

O mellor conselleiro é o cabezal,
que polo consello non cobra un real.

O parecer dun non escusa o de outro.

As contas de Xan son como as fan.

Conséllate con que seipa e acertarás.

Entre amigos, un notario e cen testigos.

Preitos non teñas, anque os gañes.
Demanda crara, demanda escura,
o escribán da banda túa.
Boa demanda, ruín demanda,
ten o escribán da túa banda.
Con preito perdido ou gañado,
ten o escribán do teu lado.
Bo ou mal preito, o escribán ó teu xeito.
A chave do preito é o escribano.
A do médico, o boticario.
Prendeume o alcalde e safoume o vereeiro.
Boca, calada; bursa ,aberta; e besta, selada.
N'hai preito bo (inda que sexa craro).
O papel rexe todo.
O acusado ausente ten a culpa sempre.
O ausente acusado sempre en culpa é atopado.
Xustiza non lle acode ó que dorme.
O que durme non espere xustiza.
Ó preguiceiro xustiza non o acorda.

Ó que se durme no pallal pasa a xustiza sin
chamar.

Á porta do que durme xustiza chama;
mais, como non lle acoden, vaise calada.

Sempre que vexas un xuez moito achegado a un
escribán, franxe o zoño,

que é sinal que a xustiza anda ó leilán.

Xueces tolos i escribáns pillabáns hóubooos
sempre a van⁹⁸.

Con home estudiado non disputedes.

E con probe non preiteedes.

Avogado, ufizo de coidado.

Os avogados fan a dúas mans:

a mouros e a cristiáns.

Non quero preito co meu diñeiro.

Os bos preitos son os alleos.

Avogado n' concellu, faz do branco negru.

Curial de Betanzos, home pequeno e can rabelo,
léveos o demo /pra fodelos.

O preito ganado e o ganador empufado.
Val máis xusticia á porta ca misericordia.
É mellor xustiza ca misericordia
Van as leis a onde queren os reis.
Os cartos cóllense unha ves e cóntanse tres.
O que contas non bota, contas non topa.

Os bos preitos deféndense sós.
Preito craro non quer avogado. Preito escur, non
o quere ningún.
Si o xuez che pide a monteira,
dálla e vas á penecha⁹⁹.

Máis val preito polo pouco ca polo todo.
Máis val preito vello ca moega nova¹⁰⁰.

RESIGNACIÓN

Máis val pregar e mindigar que na forza
espernexas.

Millor quero verlle a cara ó xuez ca ó sepultureiro.

O preito ganado e o ganador empufado.

PASOTISMO EPICUREÍSTA

Nin do Papa benfizo nin do rei ofizo.

Onde vexas bulla, escápate se non queres ser
testigo nin parte.

MALA CONCIENCIA

Si non houbera homes malos,
non habería avogados.

MELLOR, LONXE DA XUSTIZA

A mellor sentencia é a que non chega¹⁰¹.

A xustiza é santa, mais ninguén a quere
á porta da casa.

Mellor quero ve-la miña vaca morta,

que a xustiza á porta.
Xustiza, mais non pola casa miña.
Xustiza, pero non na casa miña.
Mellor quero ve-la miña vaca morta,
que a xustiza á porta.
Escribáns e ameixeiras líbreos *Dios
das miñas leiras.
O bo avogado non é bo veciño.
O bo avogado non é mal veciño.
Avogado de arroleiro, hai que tremelo¹⁰².

FRASES PROVERBIAIS

DA HISTORIA NOSA

Hai que facer xusticia de Ribeira.
Antigo conde galego,
pendón e caldeira, forza e coitelo.
Inés de Castro, mísera e mesquiña, que, despois
de ser morta, foi raíña.
Ela se veu, ela, que ninguén foi por ela¹⁰³.

¿Cal é o mal dos foros galegos? As luvas, os rogos,
encamallos e conrogos, peitos e antepeitos¹⁰⁴.

Príncipe Diego, presidente gallego¹⁰⁵.

Príncipe Diego, presidente galego e bispo Pero

García, agora vese en Castilla.

Nuño Freire de Andrade, cabaleiro de verdade.

Inquisizón, verba de maldizón.

Ca Inquisizón ¡chitón!

Se non queres a Insquisizón,

bótanche a escomunióu.

Se non che gusta a Inquisizón,

tres cousas che dan a escoller:

forca, pauliña ou emigrazón.

O que adiviña vai prá casíña¹⁰⁶.

Coa Autoridá e a Inquisición ¡chitón!

Mandar non quer par.
Mandar, tan siquera nun pallal.
Rei e rexente non ten parente.
Dous a rexe, non pode ser.
Dous a campar, tíranse a matar.
Mande o malo, mande o bo,
mais que mande un só.
O mando quer vasalo.
Aquí mando eu e todo o mundo deborcado¹⁰⁷.
Por moito que o mundo ande,
non faltará quen mande.

OUTROS

Ó xues hai que lle pagar cos pes.

A xustiza de serán, non lle hai que tremar.

Xustiza de xaneiro é rigorosa, de febreiro n'adiante

é outra cousa.

Non é polo ovo senón polo foro.

A demanda coxa, preito torto.

A frebe do aire, moito á xustiza lle vale.

A febre do ar,

moito á xustiza non lle val/mal lle val.

Goberno de cubizas, descaro de xustiza.

A concello mao, campán de pao.

Concello de serán todo é ar.

A tal concello, tal campá.

Hoxe concello, hoxe non bebe o pertegueiro.

O día do concello non bebe o vereeiro.

A deuda e o labor quedan pra o pior.

A que mande quen pode, é a lei da obediencia.

Auga de corgo e ialma de condanado,
 tíranse co barazo.
 Bando de aldea dura un día.
 Borborín, Borborán, Xura en Zis, xura en Zas.
 Se non xuras, moriras e si xuras reinarás¹⁰⁸.
 Enfínxese arroido por vir a partido.
 Escribindo follas non se limpan honras.
 Gárdate dos casos, eu te gardarei dos azos.
 Naipes e preitos non mercan leiros.
 Nin xardín sin franzas nin letrado sin erranzas¹⁰⁹.
 Prega e dereito fan o feito.
 Si ben Xoanes, senón Pedro, como de antes¹¹⁰.
 A frebe do aire moito á Xusticia lle vale.
 A merda non ten querella.
 Ó que lle importe o muíño teña conta do rodicio.
 Cando fores ó concello,
 acorda o teu e deixa o alleo.
 Dous irmáns nun concello fan torto do dereito
 Van os cregos ó concello, levan o cuco no capelo.
 De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.

Do bo, boa prenda; e do mau non fíes nada.

Do mal pagador, a paga en cinza.

Eu, ó face-la honra, facíaa redonda.

Non hai prazo serodio.

Nunca chove como trona.

O que pon o cu en consello, uns lle din branco

e outros lle din negro.

Os negocios ou á beira do monte ou á beira

da fonte.

¡Preitos teñas e os gañes!

Quen come sen conta vive sen honra.

Uns erguen a casa e outros a matan.

Ó que non ten o rei faino libre.

Ó que nada ten de seu, faino franco o rei.

Ós descoidados non os favorece a lei.

Rei mozo, casalo logo.

PRIMORES

Morre unha libertade onde nace un dereito.

Lei que non naz de costume,
ten o asento de fume.

En canto hai gorxa, ningún está libre da forza.

Máis fe dan os ollos cás orellas.

O fillo do alcalde vai rindo ó xuízo.

O acusado ausente ten a culpa sempre.

PRIMORES FRASEOLOXICOS

Costume, que boa, que mala,
o labrego quer que valla.
A mellor paga é o seu para cada seu.

ENGÁDEGAS DE NOVEMBRO DE 1998

Vale máis un documento impreso do que
cen no aire.

ENGÁDEGAS DE DECEMBRO DE 1998

Refráns da xustiza extraídos
dos Refraneiros Galegos do Home
e da Muller de Moreiras Santiso

(xusmorei.doc)

Onde letras falan, calan barbas

(032)

O avogado non é mal veciño¹¹¹

(070).

NOTAS

- 1 Tamén existe Andar á xustiza e Andar na xustiza co valor de “preitear”.
- 2 Máis argalla un paisán galego en custíós de preitos que cen leterados de máis relló. Longos sonche os rellós da xustiza.
- 3 Tamén existe Virse ás boas co mesmo significado, aínda que non aparece en ningún destes refráns.
- 4 Pra xulgar crela (querela), as dúas orellas. A partes conformes, xuez sin querelas.
- 5 O que á verdade medo lle ten, mal xudicieiro é. Agoiro de xudicieiro, engana e sacadiñeiros.
- 6 Cousa mal esmada, haina que xulgar de novo. Todo se asma según se xulga.
- 7 Causa que pasa a rolo, na Audencia póenlle o croio.
A falta de carrasco un buxetu; e, se non o houber, un muiñeiro, e, se non, un zapateiro.
- 8 Ti que ses na sela, qual fizeres, tal espera.
Non é sisudo (xusto) o xués que ten xeito do que diz e non atinou o que fiz.
Ningún sisudo domanda dúas veces.
- 9 A xustiza non vén dar, senón a fousar.
- 10 Mante-lo foro e alverixar sin diñeiro non se fai. Terma-lo foro e ollecer sen diñeiro non pode ser.
- 11 A autoridade avaida.
- 12 O que cartos teña, á xustiza reveza.
- 13 Á cadea nin por coima de figos / nin por lume.
- 14 Máis val preito vello ca moega nova.
- 15 Foro non reme foro.
- 16 Si queres ser bon xuíz ouve o que cada un diz. Ó que diz a verdá, afórcano.

Preitos e doos nunca veñen soos.

17 Iustitia est suum cuique.

18 Nemo alieni facti pergravari debet.

19 Qui tacet, consentire videtur.

20 Tres faciunt collegium.

21 Summum ius, summa iniuria.

22 Ex facto ius oritur.

23 Empecer: obstruír.

24 Reme: redime.

25 Llópiz dá outro sospeitoso de ser adaptación do castelán: Xustiza catalá,

26 mocazo vén, mocazo va (sic).

(Llópiz 1.370).

27 Longa regum manus.

28 Brado: alardio de triunfo.

29 Barregán: decidido, atrevido. O que actúa conforme a dereito nada pode

30 temer .

Vinda a pauto: pauto de conformidade. Xuez amogado: man sobre man,

31 inactivo.

Conxeito: avinza, compostura. Desconxeito: o contrario.

32 Porque algunha vez o eivarán.

33 Testis unus, testis nullus.

34 Para gañar un asunto de mala postura, hai que procurar un bo defensor.

35 Violenta nemo imperia continuit diu.

36 Avidar envanecer.

37 Meiriño: xuíz pedáneo antigo.

38 O sabugueiro está considerado árbore maléfica, porque nel se aganou

- 39 Xudas.
Penza: inclinación natural.
- 40 Asmar de aestimare, reflexionar sobre un asunto, considerar, debater para
41 despois sentenciar.
Porque morre renegando.
- 42 Frechal do teito: trabe mestra do tellado.
- 43 Pesqueridor: curioso e teimoso na pescuda e instrucción. Besbello: lan-
44 gosta do campo, aludindo á praga destructiva deste insecto.
Empufado: cheo de trampas.
- 45 Alorado: endebedado. Desgabado: Vars.: desloubado, mal sonado, alpur-
46 nado, alcuñado.
Monifate: pelele, risión.
- 47 É perigoso aceptar este cargo nunha aldea de montaña.
- 48 Lémbrese Todo se asma según se xulga (Asmar estimar, considerar, deba-
49 ter en sentencia).
á penecha: destocado, descuberto.
Rolo: expediente numerado da Audiencia. Poñerlle o croio: traspapelar.
- 50 Fouzar: levar, probablemente derive de segar coa fouce.
- 51 Probablemente traído do castelán, porque nesa lingua rima.
- 52 Alverixar: recupera-la saúde.
- 53 Ollecer convalecer, recobra-la saúde.
- 54 Porque hai que derrochar diñeiro para gañalo.
- 55 Formal: solar, asento do edificio.
- 56 Arroleiro: carreiro entre herdades de dous veciños.
- 57 Xudicieiro: curial.
- 58 Zugar: chupa-la parte molar da carne, a gordura.

- 59 Di a Curia.
- 60 Din os eclesiásticos e curiais.
- 61 Revezar: cambia-lo rumbo das correntes no mar.
- 62 Pouta de escribán: rasgo de notario. Lobo arnao: corpulento.
- 63 Galiñas á cas do xuíz.
- 64 Arma-lo merlo coméntao Llópiz como habe-las de san Quintín.
- 65 Avidar envanecer.
- 66 Male verum examinat omnis corruptus iudex.
- 67 Nalgún sitio lin este dato: no século XVIII o mosteiro de Samos de 82
- 68 preitos perdeu 4; o de Celanova de 45 perdeu 2 e do de Ribas de Sil de 35 perdeu 2.
- Llópiz dá estoutro, que me parece traído do castelán: Xustiza Deus ma dé,
- 69 que na terra non a atoparé (sic).
- Di o vello proverbio latino que Dormientibus non succurrit lex.
- 70 Pouta de escribán: rasgo de notario. Lobo arnao: corpulento.
- 71 A van en abundancia.
- 72 Zugar: chupa-la parte molar da carne, a gordura.
- 73 Faramalla: trapisonda di Llópiz.
- 74 Passim trapas.
- 75 Caloña: castigo, punición.
- 76 Nemo alieni facti pergravari debet.
- 77 Carrasco: verdugo do XVI. Buxeu: cortador. Para cando faltaba verdugo
- 78 ou voluntario para a execución.
- Beleigán: corchete, ministro menor da Xustiza.
- 79 Di a Curia.
- 80 Zugar: chupa-la parte molar da carne, a gordura.

81 Avogado de lareira: Avogaducho, preitista parlanchín pero pouco efectivo.

82 Andar á avinza: pactar avenencia.

Os antigos romanos, o revés dos xudeus, concibían a historia coma un mo-

83 vemento circular (*magnus saeculorum ordo*) de 440 anos de perímetro,

84 dividido en catro idades de 110 anos cada unha. Na idade de ouro todo era paz, felicidade, xustiza e fartura espontánea de alimentos. Na idade de prata, a cousa seguía aínda máis ou menos igual pero a xustiza marchaba deste mundo e ía para o ceo onde brillaba como constelación que era. Na de bronce, o mundo íase degradando máis. E na de ferro, no mundo xa non había máis ca inxustiza, miseria e guerra. Rematado este cuarto período, volvía a establecerse unha nova idade de ouro. Os libros sibilinos (da Sibila de Cumas) calculaban que esta nova idade de ouro caía máis ou menos un par de decenios antes do que para nós é o nacemento de Xesús. Esta coincidencia aproveitouna moi ben Caio Octavio para da-lo seu golpe de Estado contra a república e converterse no primeiro emperador co nome de Caio Xulio César Octaviano Augusto. O poeta Horacio compuxo o *Carmen Saeculare* para as festas oficiais de inauguración da Idade de Ouro e Virxilio tamén cantou a *pax octaviana*. Os refráns veñen da noite dos tempos e este é reliquia daquela antiga concepción, na que a Xustiza marcha do mundo e vai para o ceo na idade de prata.

Zapateiras: coleóptero negro e relucinte que se cría nas cortes, esmagado fede (fedevellas) deslízase nas pozas facendo rasgos coma o escribán.

85 De máis relló: do máximo prestixio profesional.

A cita é de Llópiz que di Por atribuírlles dobrez nas súas sentencias. Está en

86 Hernán Núñez e en Korreas.

87 Di Llópiz que veu con credenciais de Isabel a Católica e instituíu as alcal-

días rurais e reais en 1480. Arnoces é en Amoeiro.

- 88 A van en abundancia.
- 89 Ir á penecha: ir destocado, descuberto.
- 90 Moega: cibeira ¿hórreo?
- 91 Qui non litigat, non timet.
- 92 Arroleiro: carreiro entre propiedades de dous veciños.
- 93 Di Llopiz que pertence ó XV e que alude a cando o rei de Portugal casou
94 coa irmá de Carlos V.
- 95 Llopiz cita a Memoria del Conde de Pallares, lida no Parlamento, ano
1862.
- 96 Di Llopiz que se refire a que o xurado que proclamou Príncipe herdeiro a
Filipe II estaba presidido por Pazos que era galego.
- 97 Casiña: cárcere da Inquisición; notable eufemismo.
- 98 Deborcado: boca abaixo.
- 99 Dito común a terras moi distantes de Boborás.
- 100 Franzas: xermolos.
(na colección castelá de Martínez Kleiser, n. 30843).
- 101 Di Moreiras que ese e o anterior teñen a súa miga.
- 102 “O que está no camiño é do veciño”, pois, “Quen sementa no camiño, se-
menta pró veciño”. Res derelicta, primi capientis.(MOREI1141).
- 103 Aconsella non dar honores a quen non é merescente. Tamén “A falta de
homes bos, meu marido é alcalde”.(MOREI1077).

Este libro rematouse de imprimir no
obradoiro de Litonor
o 21 de xuño de 2008,
co gallo da constitución da Irmandade Xurídica Galega
no mosteiro de San Rosendo de Celanova